

XXX

Reclamante: XXX
Expediente. Nº **RSCTG 8/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 20 de xaneiro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de xaneiro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de data 16 de xaneiro de 2023, pola que se resolve conceder parcialmente a súa solicitude de data 10 de xaneiro de 2023, de acceso ao detalle, nos últimos dez anos, das sancións impostas por infraccións moi graves ao abeiro do artigo 28 da Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, empresas e persoas sancionadas e importe de cada sanción.

O reclamante indica no seu escrito que a resposta da administración concede parcialmente a información omitindo os nomes das empresas sancionadas sen motivar a decisión, sen incluír a valoración e ponderación que a propia administración debe facer desa negativa fronte ao dereito á información, limitándose a recoller a negativa previa de empresas do sector ante outra solicitude de *semellantes* características.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución impugnada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 26 de xaneiro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 6 de febreiro de 2023 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes contesta a petición remitindo o informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior no que en resumo faise constar que en aplicación do disposto no artigo 15 da Lei 19/2013, referida á información que inclúa datos de carácter persoal, no seu momento, e como consecuencia doutra solicitude de semellantes características, solicitouse a autorización de todos os interesados, que manifestaron a súa total oposición a que os ditos datos fosen facilitados ao solicitante baseándose en que proporcionar a dita información atenta gravemente contra o dereito á intimidade das persoas xurídicas.

En base ao anterior, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior resolveu denegar a información solicitada no que atinxe á identificación das empresas afectadas, en aplicación do disposto no artigo 14.1.h) da Lei 19/2013, por entender que pode supoñer unha vulneración do dereito á intimidade, podendo a súa utilización afectar aos intereses económicos e comerciais dos afectados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución impugnada ditouse con data do 16 de xaneiro de 2023 e a reclamación se interpuxo o 20 do mesmo mes, de debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou acceso á información referente ás sancións impostas por infraccións moi graves ao abeiro da normativa reguladora dos xogos e apostas de Galicia, empresas e persoas sancionadas e importe de cada sanción, que lle foi concedida parcialmente, denegándose na resolución impugnada, a información referente á identificación das empresas sancionadas, baseándose en que proporcionar a dita información atenta gravemente contra o dereito á intimidade das persoas xurídicas. No informe remitido pola Dirección Xeral a esta Comisión, engádese ademais, un motivo de denegación de parte da información que non figuraba na resolución impugnada, cal é a concorrencia na información solicitada, do límite dos intereses económicos e comerciais artigo 14.1.h) da Lei 19/2013.

Respecto da concorrencia na información solicitada do límite establecido no artigo 14.1.h) intereses económicos e comerciais, o Criterio Interpretativo CI/002/2015, do 24 de xuño Consello de Transparencia establece que os límites a que se refire o artigo 14 da Lei 19/2013, non se aplican directamente, senón que de acordo coa literalidade do texto do número 1 do mesmo, poderán ser aplicados, polo que non operan nin automaticamente a favor da denegación nin absolutamente en relación aos contidos.

A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo e deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliabile. Esta, ademais non poderá afectar ou ser relevante para un determinado ámbito material, porque do contrario estaríase a excluír un bloque completo de información.

Do mesmo modo, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público). No presente suposto, non hai referencia algunha á posible existencia deste límite na resolución recorrida, e no informe emitido a petición desta Comisión, non se xustifica, sequera minimamente o posible dano que se podería causar co acceso á información, senón que limítase a citar o artigo, sen mais referencias, polo que non pode ser admitido.

No referente á protección de datos de carácter persoal, o artigo 15 da Lei 19/2013, baixo o título de protección de datos persoais, establece que se a información solicitada contén datos persoais de determinadas categorías ou referentes á comisión de infraccións penais ou administrativas que non conlevasen amoestación pública, faise necesario, dependendo do tipo de dato do que se trate, o consentimento expreso e por escrito, ou consentimento expreso do afectado ou que estea amparado por unha norma con rango de Lei, e concederáse con carácter xeral o acceso a información que conteña datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública do órgano, salvo que no caso concreto prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público na súa divulgación. Nos casos nos que a información solicitada non contivese datos especialmente protexidos, concederáse o acceso, previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación e os dereitos dos afectados, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, non sendo necesario o consentimento ou a ponderación cando o acceso se efectúe previa disociación dos datos de carácter persoal de modo que se impida a identificación das persoas afectadas.

Un dato de carácter persoal é calquera información relativa a unha *persoa física viva identificada ou identificable*. No presente caso, solicitáronse información sobre as empresas e persoas sancionadas, polo que débese obter o consentimento das persoas físicas sancionadas (no caso de existir sancións a persoas físicas) para poder dar esa información, debendo denegarse o acceso en caso de non obtela, pero non se pode, en base a o límite establecido no artigo 15, denegar o acceso á identificación dunha persoa xurídica sancionada, agás que unha norma con rango de Lei estableza o contrario, norma que neste caso non consta que exista.

Por tanto, se ben se acepta que se poida denegar o acceso á información sobre sancións a persoas físicas das que non se obteña o consentimento, non se pode aceptar a denegación da información referente a sancións sobre persoas xurídicas.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, se ben, dado que a información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados (empresas sancionadas), de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, procede instar á Dirección Xeral competente en materia de xogo á retroacción do expediente, para que se abra período de audiencia a fin de que os terceiros poidan realizar as alegacións que estimen oportunas, informando ao solicitante desta circunstancia. No caso de que se presenten alegacións, deben analizarse pola Administración actuante para valorar se debe primar o interese público na difusión da información, concedendo neste caso acceso total ou parcial á mesma, ou debe primar a protección dos intereses privados que estes terceiros poidan alegar, denegando neste caso parcial ou totalmente o acceso á información solicitada, previa xustificación debidamente motivada na resolución que se dite.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados,

ACORDA

Único: Instar a retroacción do expediente no senso indicado no fundamento xurídico quinto desta resolución, da solicitude de acceso á información presentada por XXX de acceso ao detalle, nos últimos dez anos, das sancións impostas por infraccións moi graves ao abeiro do artigo 28 da Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, empresas e persoas sancionadas e importe de cada sanción.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.